

Núm. 46

15-10-27

# nós

CASTELAS



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.<sup>o</sup>—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00
Número solto	0'70

Este boletín non publicará mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados. enténdense que son da Redaución.

NOTA

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Poema, POR OUTEIRO ESPASANDÍN.

Problemas de xeografía galega, POR RAMÓN OTERO PEDRAYO.

Prehistoria e Folklore da Barbanza, POR FLORENTINO L. CUEVILLAS E F. BOUZA BREY.

Catálogo das Castros Galegos, da Sezón de Prehistoria do S. E. G.

A Riqueza Artística da Galiza, DUAS imaxes de Xan de Juni.

Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES. DISCOS  
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2.<sup>o</sup>

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano IX



Ourense 15 Outono 1927



Núm. 46

## POEMAS

(PRÓ LIBRO ALFABETO)

Ao prehistóriador Florentino L. Cuevillas.

*Dos soutos da noite  
caen os ourizos das estrelas  
o releeren os ventos outonizos  
as follas das fenestras.*

*Ando, coa cabeza baixa,  
entre a folla, a sautea;  
e xa lev'o sombreiro acugulado  
ô decatarme do mermado das  
miñas faltriqueiras  
¡Villame Deus, cantas castañas louras  
me batan na cabeza  
e cántos ourizos lle sorrirán o sol  
cando amaneza!*

*Tanto me degar'a estrela do N.  
que me tenta o diaño a botal-a  
pra  
baixo  
cunha*

*pedru*

*Mais resolvamos esta dúbida polos dedos  
ou cos menores orlados das esferas.*

*¿Cantos outonos ten esta cachopa  
que acord'a francesada e á mouremía  
s'en collín alfa magostos — cabales —  
á sua veira?...*

*Solución. —  $x = 9$   
(É endeterminado este problema).*

OUTEIRO ESPASANDIN.

# Problemas de Xeografía Galega

NOTAS EN COL DAS FORMAS DE POBOAZÓN LABREGA

## PARROQUIA DE TRASALBA

- a) *Posición, liñas xerás do releve.—Relacións naturais.*

Por ser a parroquia de Trasalba unha terra de marcada transición, faise preciso, denantes d'enxergala nun estudo xeográfico, inscribila no mais espallado conxunto de países de bocarribeira e de ribeira, cos que mantén relacións intensas e naturais. Consideremos duas grandes rexións ben diferentes: o val do Miño central e as terras que dende seu beizo dreito vanse erguendo mainamente hastra o circo de outuras que demarcan pol-o Norte e Poente a sua rexión hidrográfica. O val do Miño dirixe o dinamismo topográfico en xuntanza c'a erosión da atmósfera traballando riba da peneda esquistosa ou mais xeralmente, graniteca. Dend'o pé das serras (Martín, outuras pouco detremiñadas hastra o Foxo do Cabrito, Testeiro, Paraño, Suido e Faro d'Avión c'as derivacións d'iste hastra o propio remate do val médeo do Miño) baixa o releve en formas pouco esporentes nas que non é doado precisar os lindeiros onde remata a montaña pra se fazer bocarribeira. Pol-a comunidade de composición das rocas obrigadas dend'as mais lonxanas eras xeolóxicas a longos ciclos d'erosión d'un aire mollado, é lei xeral da facies xeográfica de Galiza a constante interferencia de carauteres topográficos. As rexións van esmorecendo unhas nas outras por faixas e penetracións, millor que por demarcados lindeiros. As augas nadan no arco montanoso e sub-montanoso vanse ordeando en vals que ó comienzo son simpres sucos pouco notados no doce releve do chán,

mais que asegún van chegando ó seu común nivel de base (o val do Miño) crían sistemas de vals, fondos, craramente artellados en quebradas e valciños e regatos de paisaxe riveirão. A fartura topográfica dos vals medra do Oriente cara o Oeste. Abonda meditar na sinxeleza dos vals afluentes dend'os Tres Ríos a Sta. Cruz d'Arrabalde (río da Barra, por eix, comparado co longo afundimento do Barbantiño no cerne das bocarribeiras e sobretodo c'a rede de vals francamente individualizados que se xuntan no do Avia. Outra nota diferencial é a seguinte: os afluentes do Avia son moitos d'iles (Viñao, Avión, Arenteiro, o mesmo Avia) criados na montaña c'un grado adiantado d'evolución morfolóxica, namentras os outros non s'amostran superiores na rexión inframontana, ás quebradas e regueiros que se xuntan n'iles. Compárese o val do Barbantiño en Río co do Viñao no Irixo. Iste, ó pé dos montes, amostra un val cavado que dirixe todal-as feituras da sua esfera d'atraición namentras o Barbantiño pouco interrumpe o maino derrame das terras e non se distingue tanto das quebradas afluentes. Dentro d'estas terras d'espallados hourizontes (Peroxa, Vilamarín, Amoeiro, Cea, Carbaliño, Beariz, San Amaro, outo Ribeiro) hai unha semellanza de carauteres que non privan os propios de cada unha, ben notados no folk-lore e na opinión popular. A Peroxa, ollada dende Ionxe, amostra os carauteres d'un penichao chegando á madureza (perfil cuase reuto no hourizonte, quebradas ampiamente relacionadas), mais compretemente diferente do val do Miño. As terras de

Vilamarín e Cea, mais outas e alongadas, van seguindo o releve, a curva soave das primeiras abas montesñas. O país do Carballiño deixase mordiscar polos vals coma tributario da artellada e desenrolada rexión ribeirá do Avia. Beiro e sobre todo Amoeiro chegan á forma mais compreta de chao. As terras de San Amaro gardan un perfil d'equilibrio antrás chamadas paralelas do Barbantíño e do Avia e a común dinámica impostra pol-o Miño. Ollamos que, deixando a parte os vals xa forxados dend'a montaña (Oseira, Irixo, Labiote, moitos no outo Ribeiro) a altitude xoga a función esencial nas diferencias locais: establece doadamente unha sucesión de carauteres, inda que pouco marcados pol-a pequena diferencia das cotas, dende Río, Vilamarín e Madarnás, por exemplo a Cea e o Carballiño, pero millor precisados antrás derradeiras localidades e Ourantes, Trasalba e Untes, parroquias postas en parte riba do beizo dreito do val miñoto. De tal xeito que na fala corrente o conceito de montaña amostra unha curiosa e suxestiva relatividade. Pra un do val, de Arrabaldo, por eix. xa Trasalba é montaña, con ser parroquia con terras e ribeira e solo estar separada do río por unha costa súpeta. Eiquí a esprición do feito atópase na faciana terminal que figurán as bocarribearas sobrós curtos hourizontes do val. Mais tamén prós de Trasalba é montaña Amoeiro, que ten cuaseque idéntico hourizonte e mais montaña Vilamarín. Síntese a infuencia da outura. En troques están todos conformes en chamaren serras ás verdadeiras montañas. Tomamos istos exemplos solo das terras relacionadas con Trasalba, pra irmos de camiño circunscribindo o noso tema. As cotas van subindo dende 120 metros na beira do Miño, 200 no labio do val, 250 en Amoeiro, pra chegar ós 1.000 no cumé da serra da Martiña, nunha distancia reuta de 20 kilómetros hastra o pé da serra.

A parroquia de Trasalba pertence á zona de transición antrás Chaos d'Amoeiro e a ribeira representada polos vals do Miño e do Barbantíño. Niste senso forma unha individualidade xeográfica ben acusada en curta larganza. Non é solo un simple remate sobr'o val, unha termiñación das outas

terrás chairas nun escalón representado pol-o beizo do val, senón qu'ergue unha propia masa penedosa no lindo dos propios chaos pra deseguida decorrer car'os vals mainamente hastra o beizo do val do Miño, artellada en quebradas desenroladas, car'o Barbantíño. Poucas parroquias tan craramente de bocarribeara. O nome de chao pódese apricar nun senso xeral ó conxunto das terras que temos considerado dend'a aba das serras ós vals, mais propriamente dase ós d'Amoeiro, comprendendo a mór porción d'ista parroquia, a de Fontefría, e parte de Parada d'Amoeiro, Palmés, Castro, Beiro (bocarribearas do Miño), Parada, Vilela, Vilamoure (bocarribearas do Barbantíño), Ourantes, teñen carauteres semellantes ós de Trasalba, soilo qu'en moito menor escala.

Trasalba ten pequenos chaos, e os vals, especialmente o do Barbantíño levan a sua infuencia á parroquia pol-o intermédeo de quebradas, regatos e valciños. Con todo, a verdadeira individualidade do seu releve débese á presenza d'unha liña d'outuras penedosas qu'o separan dos Chaos cos nomes de Rodeiro, Portela e Faracho, do Leste ó Poente. O Rodeiro especialmente figura dend'os Chaos ou dend'a porción chaira da parroquia, un releve montesio superior ás penedías e outeirales que cría a erosión nas ladeiras encostadas dos vals. Pol-o que vai dito, a parroquia de Trasalba divídese naturalmente en catro rexións diferenciadas d'abondo: A dos *cotos* (pois nin teñen a categoría xeográfica nin a popular de montes), do Rodeiro, Faracho e Portela; a dos seus derrames chairos, pouco cortados por penedías que se pode chamar dos *chaos*; a da baixada ós vals barbantíñan e miñoto, encostada e súpeta ou artellada en diferentes grados. A elas compre engadir un d'estes vals afluentes d'abondo espallado pra figurar con carauteres propios: o val da Bergueira e da Fareixa, fillo do Barbantíño e ben adiantado no cerne da terra trasalbina. A xente da terra limita estas rexións a duas, en grande parte opostas pol-a agricultura e pol-o xeito de vivir: *das campanas arriba das campanas abajo*. Ista derradeira comprende o afundimento da Bergueira, Fareixa,

xa e terra aberta ó Barbantiño; a primeira toda a rexión outa da parroquia. A posición da eirexa esprica as denominacións, pois está na liña de remate da porción chmira e no inicio da costa pr'o val da Bergueira.

A parroquia figura unha eclipse que ten por eixe mór de Nascente a Poente ou sexa do marco con Palmés ó de Punxín, 8 kilómetros e de eixe pouco menor, 6 ks. de Norte a Sul, do llindeiro de Parada ó de Arrabaldo. Datos que ben pouco sinifican pol-a fartura do releve ergucito en cotos de 300 metros e afundido en quebradas cuaseque ó nivel do Barbantiño. Agora é preciso notar un feito. Calquera estaría tentado a clasificar coma de ribeira as ditas porciones baixas; e tería razón xeográficamente mais o noso estudo de xeografía humán debe respeitar a vella organización da parroquia fundada no vivir secular c'unha inmorredoira realidade familiar, espiritual e económica que s'impón a todo estudo.

b) *Rexión dos cotos.*

Forma un abomboeado erguemento en todo o Norte da parroquia dispónense mais precisamente nun arco de NE ó NW, dividido en dous grupos penedosos de desemelante larganza: o *Rodeiro* ó NNE, outo, grande, dominador en seu conxunto e os mais baixes de Portela, Formigueiro e Faracho, ó N e NW de menos caracterización, pois n-eles metense pequenos chaos e terras labregas. Todo ó N e pé da rexión dos cotos, corre nun suco que se vai alongando do E ó W, o valciño do Río dos Frades, ou Formigueiro, afluente do Barbantiño. Entre os grupos de cotos (Rodeiro e Faracho) franquéase de N. a S un paso doado, de terras labregas, formado pol-a xuntanza maina das cabeceiras de duas quebradas opostas e de diferente larganza: a do N leva as suas augas no tempo das chuvias por lameiros e nabeiras ó Río dos Frades; a do S tamén das mesmas condicións iniciás, forma en dirección predominante SW o val da Bergueira.

O Rodeiro é un outo releve granítico fortemente traballado pol-a erosión en disformes e variados cotos ou outeirales. Pol-o

N baixa en costa repentina sobr'a terra dos Chaos, amostrando fortes salentes penedosos, costelas do monte, rematados por batareles de pedras cabaleiras. Unha rama do río do Formigueiro está indicada ó pé do Rodeiro por un pequeno suco lameirento e soilo na sua porción NW corre ó seu pé o pequeno río cuia quebrada principal subsecuente com'adoita ser lei, fórmase na terra dos chaos, xuntándose c'a rama dita ó pé do Rodeiro. En troques pol-o Nacente e Sul o monte, vaise esvaecendo en touzas curtadas por cotarelos, e logo en chaos descubertos, terras d'herlade ond' canta o arado. Mais xa son da segunda rexión da parroquia. Por frente dos cotos de Portela e Formigueiro, tamén baixa encostada á xuntanza das cabeceiras d'augas do río dos Frades e Bergueira, que dend'agora chamaremos veiga d'Albeiros.

O Rodeiro compónse dun zócalo de grá con derrame xeral ó S agromado en catorce ou dazaseis cotos, (fig. 1) catro d'iles ben grandes, descompostos en figuras variadas que se poden reducir a duas categorías: cotos inda inteiros, onde a erosión seguindo as diaclases foi criando liñas de rompimento horizontás e verticás, resultando sistemas d'outeiros en pisos; e cotos xa craramente ruiniformes nos que predominan as feituras arredondadas. Ollando ista paisaxe pénsease nos grandes bancos de grá esculpidos pol-a erosión das augas cada vegada mais forte pol-o afundimento do val do Miño. No chán dominan as laxes e inda nos cotos ergueitos atacados en todolos sensos pol-a erosión atmosférica, atópanse mais as formas de táboa, mesa e dolmen qu'os outeiros ovoideas. Entr'os cotos espállanse pequenas chairas con certa facies de quebrada inicial, cobertas de liques, musgos maquis, nas porciones baixas, feitas de boa terra moura e fria, nas outas, areosa. O Rodeiro é teatro da forte erosión destruidora en duas formas principais: a chuvia levada pol-o vento forma sistemas d'ocos e covilhas nas que demoran as augas do ceo *pucharquiñas* e que xuntándose furan as laxes, ademais da aición maina e xeral qu'arredondea e amolece as arestas. Outra, a das augas correntes d'arroiada que descobre o pé dos outeiros e a laxe da base,

levando os productos da destrucción ás chairas e quebradas pretas ou lonxanas. Un cinto de piñeiraes, crecedeiro, detén en parte ista acción e o tempo segue o traballo erosivo esnaquizando as laxes pol-o dinamismo vital das raíces e en parte o encobre criando terra vexetal mais firme. Os camiños de carro (un principal) e a laboura dos canteiros débense contar antr'os axentes erosivos.

Voltaremos a falar do Rodeiro nalgúns outros capítulos d'este traballo: da paisaxe

xeográfica, da sua función esencial hastra na psicoloxía colectiva da parroquia polo que ten de diferencial con outras veciñas privadas de tal rexión pedregullenta e núa, nai das augas das fontes e das arroiadas que aran o chán labrego. Poucos cotos do Rodeiro teñen nome. Un dos que s'erguen xa na baixada ó nivel mais baixo e fondalemente labrego dos Chaos, leva o de Castro e n'il ten recoñecido Florentivo L. Cuevillas o prestixio arqueolóxico que sempre é confirmado polo nomeamento do pobo.




(fig. 1). Alguns cotos do Rodeiro

A segunda rexión dos cotos figura un arco c'a conveisidade dirixida ó N e ó NW, asegún vai describindo a sua curva dende as penedías de Portela e de Marrán hastra o coto do Faracho e a riola dos xa craramente ribeiraos que seguen o correr do val baixo do Barbantiño hastra Villerma en terras de Punxín. Pol-o Norte afundese a quebrada do río Formigueiro c'unha fartura na costa de penedos e escadeiras de cotos que non ten o Rodeiro (fig. 2). O coto do Faracho arredondado en conxunto, sen deixarse encetar pol-a erosión, preside a xuntanza do Formigueiro co Barbantiño na fonda conca do lugar e Ponte Viñao (Punxín). O resto da encosta súpeta e non tan artellada segue

riba do Barbantiño con esposición prenamente ó W. Xa temos siñalado as carauteísticas diferenciás en comparanza co Rodeiro. Toda a rexión é granítica e moi penetrada por chairas e terras labregas (herdades, touzas, montes, touticeiras) e hastra pequenas quebradas de lameiros e nabeiras nas afluentes ó Formigueiro e val da Bergueira. Car'iste, o arco amostra a concavidade con maina costa que se fai súpeta, esporente e complicada na porción mais baixa da Fareixa. Os dous cotos de Portela e Marrán rematan a rexión frente á faciana W do Rodeiro, dominiando á veiga d'Albeiros, mais franqueadxs antr'iles por chairas pouco esporentes invadidas pol-o traballo

humán. O coto de Portela todo superficialmente penedoso, con formas mais arredondadas qu'as do Rodeiro, opõe á masa cuaseque cilindroidea do coto de Marrán qu'acouga pol-o intremedio d'outros cotos dispostos en baixada ó lugar epónimo do río Formigueiro. No cerne da rexión emergen pequenos cotarelos ou simpres outeirás da superficie das terras areosas ou de granitos metamórficos. Na rexión xa doadamente ribeirán veciña a Punxín, o bravo dinamismo das augas acentúase e tamén

modifícase pol-o poderoso e contíno revestimento de piñeirás e maquis e terras de viña en costa. Soilo o derradeiro e mais baixo coto, o da Vilerma, xurde arredondado, nū, pardo, comesto d'ovellas, c'a sua figura de testo pra cobrir a vica no forno, no médeo das regueiras húmidas e traballadas do Barbantiño. Xa veremos com'a vida humán tende a fuxir d'istas terras. Os nomes dos cotos son nomes de pobos: Formigueiro, Portela, Faracho, Monteagudo, Campos, Vilerma.



(fig. 2)

### c) Rexión dos chaos.

Derrames do Rodeiro tñendense en roda dend'a sua baixada pol-o Sul hastra a zona sinalada pol-os lugares de Monteasnal e Fechos, car'o val do Miño e Cimadevila, Outeiro e términos d'Albeiros, pois iste pobo ten o seu solar na mesma aba do Rodeiro. Pol-a parte dos lugares de Cimadevila e Outeiro que miran ó pé o val da Bergueira, non é doado o remate.

En conxunto dominan os granitos con pouca coberta de tona vexetal. Soilo no remate morden un pouco as follas pizarrentas das costas ó val do Miño. A laxe subacente amóstrase en pequenos lombelos arre-

dondados en cúpula, elipsoide ou roda, no centro das terras de centeo, loce nos camiños e en certos campos onde cruzan moitos sendeiros (penedos de Pereiras, dispostos en familia, cotarelos de Monteasnal, ollando a quebrada da Regueirita). Hai algús penedos ceibes, isolados en ovoide riba da base laxenta; o mais grande e caracteristico, o chamado Penedo-Redondo (fig. 3) termo dos Agoeiros. No cerne dos chaos, mais inda preto do Rodeiro, érguese o coto do Vedral, ben nomeado por ser lugar visto e cruceamento de camiños, de pedra esgrevia pouco esculturada. Nalgúns lugares a terra vexetal voltaise lama morta onde encora a friaxe das augas na esponxa da vexetación dos

musgos e liques e do maquis de texo e xesta. Mais en toda a rexión, a modificación mór aparesce imposta pol-o traballo labrego. Hai terras saniñas, areosas, ou pedregullentas, distinguindose as de agro, herdade, touticeira e monte.

*d) O val da Bergueira e o seu contauto co-a rexión dos chaos (fig. 4).*

Pra mór craridade d'esposición, trocaremos un pouco o orde fixado, pois a zona de derrame da rexión dos chaos ou agros co val da Bergueira forma unha das mais interesantes da parroquia e convén precisala de-nantes de tratar das costas. Os chaos pol-o Poente baixan en escosta maina ó N, mais forte ó S, car'o val da Bergueira, seguindo o progresivo escavamento do dito val na dirección indicada. Dende Albeiros, inda



(fig. 3)


ó pé do Rodeiro, e logo pol-os termos do Outeiro e Cimadevila, o releve descende en terras ben desemellantes das dos chaos. Imposto na aba dos cotos do Rodeiro, por termos de Outeiro, Fontemayor e Cimadevila, o releve descende en terras labregas, de nabeira e lameiro, ben desemellante das dos agros. A erosión das augas correntes ningunha constante mais forte nas invernias e treboadas, tende a criar un pequeno sistema de quebradas consecuentes e subsecuen-

tes como é lei nas terras moles i-encostadas. Mais pol-o pouco vagantio da rexión e sobretodo por apricarse n-ela dende lonxanos tempos, un forte traballo labrego, o mais intenso da parroquia, apenas se marcan feblemente os lombos dibuxados pol-os camiños adoitados das augas. Seguen istas liñas de lameiros, de nabeiras, e mais xeneralmente as dos camiños. Con todo, pódense indicar duas principais: unha ó pé do Outeiro e Fontemayor e outra ó SW do lugar de Cimadevila (as Lamas). O camiño central da parroquia, que enfia o campo da feira, o silar da eirexa e do adro e algúns campos ou prazas de lugares, dianteiras de casas ou cruces de camiños, segue en xeral hastra Cimadevila, a zona da que agora tratamos. Inda s'amostra ás vegadas algunha touticeira ou laxes (Córrega) mais en xeral, é boa terra de sangue que garda a lentura, amiga do millo, da horta e do lameiro, farta d'augas de puzo ou de mantanial corrente, e o qu'importa notar, contida e disciplinada pol-o traballo dos homes qu'en grande parte impiden o acarreio do torrón car'o val. Por isto é feito xeral qu'os eidos teñen mais fondura no fondo que na cima. Os muros, os canos pra dispor as direcions das arroiadas e aproveitalas, por elas e pol-os estercos que levan, deteñen ou varian o natural traballo d'erosión. Ó pé d'Outeiro e de Fontemayor (termino do foral antigo *das castañas*, nos lameiros de Fontes, na horta da Reutoral e dos pazos de Cimadevila, nas nabeiras das Lamas e Xesteira) atópanse dos millores torrós agrícolas, ben espuestos ó sol e onde apenas canta o arado. Pol-a parte do Outeiro e Fontemayor convítense sempre n-unha das costas do val oposita á penedosa do coto de Portela, mais por baixo de Cimadevila, un cinto de soutos e algúns agromamentos d'outeirales (lugar de Penouzoás) forman o verdadeiro tránsito ás terras fondas.

Xa temos dito qu'elas se disponen naturalmente en dous segmentos: os vals da Bergueira propiamente e da Fareixa, percorridos pol-a mesma liña d'erosión criadora de formas mais ben desemellantes pol-o seu ca-raute. A Bergueira figura unha conca an-tr'os derrames do coto de Portela e Campos

e as costas d'Albeiros e Fontemayor. O seu centro é o campo de cabaceiros que sirve de praza ó lugar da Bergueira. O rego formado nas nabeiras e lameiros da veiga d'Albeiros na sua porción S vai procurando un leito fixo, estreitado por muros, coberto de parras, mais con pozarcas e lentura de leito fluvial, inda nos vraus mais enxoitos. Os pontillós, pasales, aceras e traballos defensivos indican a importancia da corrente nas invernias, mantida cas que baixan das costas, sobretudo da de Fontemaior e Outeiro.

Mais por baixo das casas de Pexes e das bodegas do Quintairo, cambea a topografía. O val afündese e diversificase supetamente estreitado á dreita polos cotos de Portela e Faracho. A quebrada nas Lamas figura xa un fondo val que se xunta co do regueiro da Bergueira en terra Punxin. É o término da Fareixa, sin pobos, alternando entr'as costas, carballeiras, lameiros e viñas, en baixa da esporente ó Barbantíño. O regueiro da Bergueira n-outro tempo fazía moer un muiño (do Ruzo) por baixo do Quintairo, tres



(fig. 4)

ou catro meses do ano. O que baixa das Lamas de Cimadevila non ten canle fixo. A grande vexetación e traballo figurán eiquí modificando a laboura das augas apesaras da incrustación dos terreos. Ista quebradas da Bergueira e Fareixa forman a mór porción das terras *das campanas abaixo*.

#### e) As costas.

Soilo consideraremos as do S e do SW, pois xa temos falado das súpetas baixadas dos cotos car'o Formigueiro e Barbantíño. Pol-o S, a costa do val do Miño dispõe n'unha fonda quebrada á que seguen na dirección do río derramamentos pouco arteillados. A quebrada chámase en conxunto,

do Medelo, e divídese entr'as parroquias de Trasalba e Palmés. Os chaos d'ista que lle dan fisonomía caraúteristica rematan no coto pue leva o propio nome de Medelo e na porción mais outa o de Serán, e baixan ó fondo da quebrada por incrinadas costas penedosas. O valciño ten a cabeceira entr'as duas parroquias e espállassa mais na de Santa Cruz d'Arrabalde, onde leva o nome de Val. O regato chámase primeiro a Rigueirña ou Regueiro de Vilaverde. Pol-a parte de Trasalba está domiñado por esgrevios e pequenos outeirales dend'os que arrodeian o lugar de Monteasnal hastra os que baixan dend'as terras de Fechos. Monteasnal mira pra Palmés e Fechos pra Santa Cruz. A regata do Medelo recolle outras

afluentes por onde baixan as augas invernales, sendo a principal pol-a parte de Traosalba, a das Lamas, diferente da que corre ó fondo da Fareixa. Por frente ó val do Miño (términos de Fechos e das Conchadas) o labio dreito amóstrase com'unha costa dividida en dous lombos pol-a pequena regata, encostada, chamada costa dos Mortos, qu'apenas s'afonda na entrana da peneda. N'estas costas medran os esquistos do NÓS, formando as pizarras a cuase totalidade do monte das Conchadas.

No ángulo formado pol-os vals do Miño e Barbantiño, iste monte das Conchadas e os seus derrames car'o W acougan os bos terreos de Soutomanco, lugar que preside a ribeira, pra logo baixar en costas pouco artelladas ó Barbantiño e ós fondales da Fareixa e da quebrada das Lamas, que xa temos esposto. (1)

RAMÓN OTERO PEDRAYO.

*(Continuado.)*

(1) No número que ven daremos os mapas correspondentes a este traballo.

## Prehistoria e folklore da Barbanza

Pra R. Martínez López, Manuel F. Sendón, Xosé Onzárra Espusandín i-Enrique F. Sendón, ca nosa gratitud.

### O PAÍS

Segundo a direición mais frequente nos plegamentos galegos, esténdese a península da Barbanza do norleste pra o sudoeste, entre as rías de Noia e de Arousa, afectando unha forma alongada que remata n'unha meia lúa determinada pol-os cabos Falcoiro e de Corrubedo. Ten de longo uns 34 kilómetros, non chegando ós 20 o seu ancho máisimo entre os esteiros da Ulla e do Tambo. (Véxase mapa)

Alcontrase formada ista península por terreos graníticos, agás duas pequenas faiñas de estratos cristalinos de 2 a 4 kilómetros de ancho, que situadas do norte o sul van, unha de elas de Noia a Rianxo e a outra dende o Son deixa 2 kilómetros ó norte da Puebla, ollándose tamén nas partes baixas e veciñas ó mar, pequenos depósitos aluviales e nos entrantes da recortada costa fermosas praias, entre as que é merecente de espezial menzón a de Corrubedo, posta na parte concava da meia lúa terminal e prestigiada pol-a presenza de dunas de outura considerabel.

O accidente orográfico mais importante da Barbanza, constitúeo a serra do mesmo nome,

inxente macizo de pedra de grá, con outuras que atinguen cotas de algúnhha considerazón (O Iroite, 815 pés; Os Forcados, 744 pés; A Curota, 535 pés) e que comenza despois dos montes de Confurco e remata na Curota e nos Forcados, quedando entre ela e o mar unha orla de terras baixas, que se ensancha no suroeste entre as abas pinas e penedosas de aquiles dous cumes e o mar de Corrubedo, abrindose ali unha chá, ben patente sobor de todo na banda da freguesía de Oleiros, onde se erguen monticelos de cota flebe (Montes de San Alberto, Cidá, Taume, etcétera.)

A serra barbanceira de abas moi pinas e fragosas en total-as vertentes remata n'un penichán dondamente ondulado, ispido por compreto de arboredo e coberto de ericas e cistaceas (Carpazas, nichas, foupas) e de farturentos prados naturaes de gramíneas e legumiñosas, onde pacen en estado case salvaxe greas de vacas, de caballos, de cabras e de ovellas.

Fórmanse istes prados de preferencia nos sitios fondos e húmidos, onde teñen nacemento as correntes de auga que dan orixe a algúns ríos como o Barbanza e o Coroño que verten na ría de Arousa e o Sieira que

desauga na de Noia, ríos que a pesar da cativeza do camiño que percorren, son de caudal abondoso ainda en tempo de vrán.

A poboazón mesta e apreixada na orla da veiramar e nas abas dos montes, enflebece cada día no curazón da serra. O engado dos vales e da costa, chama polos fillos dos montaneses, i-en Noceda, na Braña i-en Balteiro óllanse moitas casas abandonadas, habelando casares como o da Braña que ten oito ou dez habitazóns e un soio veciño.

Vese pol-o dito que a península da Barbanza é sen dúbida un dos lugares da terra galega que ofrece un maior intrés pra un xeógrafo ou pra un etnógrafo, que nela poderian fitar afastados entre si poucos kilómetros, tres aspeitos do vivir do noso pobo: o vivir mariñeiro, o de meia ribeira e o de montaña na prenitude das suas características. E habería tamén lugar pra o filólogo que quixera esculcar na fala cantareira e nasalizada das xentes da serra, que acentúan estranamente certas verbas ata decir *mamóea e pardamo*, e tamén pra o antropólogo que ali alcontraría posiblemente tipos raciales da meirande enxebreira e pra o zoólogo que habería de atopar nos pequenos *puchos* barbanceiros, de pelica vermella e mucosas mouras, unha raza distinta das outras bovinas que inzan o noso chán. Mais soio os destemidos fatos de cazadores visitan as fragas da serra en escursións outonizas, das que a cencia non tira ningún proveito.

#### ALGUNHAS NOTAS BIBLIOGRÁFICAS

A península que nos ocupa non é soio interesante nos aspeitos indicados. Tamén o é, e de xeito principal, no que se refire a arqueoloxía prehistórica e o folklore que a ela vai xunguido. Somente con repasar o seu onomástico achamos abastanza de nomes que como *Castro, Cidá, Moimenta, Oleiros e As Arcas*, sinalan de seu a presenza de xacimentos prerromanos, cuia situazón e características ollamos en parte precisadas en certas publicacións, que con maior ou menor deteñimento, teñense ocupado do pasado remoto da Galiza.

Foi o ollar fondo i-esculcante do *P. Martín Sarmiento* o primeiro que se fixou nas

antigüidades barbanceiras. No «Manuscrito» da «Academia de la Historia» «códice 11, 9-4, vol., IX, folios, 337r e 339r» publicado pol-o P. Fidel Fita no «Apéndice» do artigo «Nuevas lápidas romanas de Noya, Canda, Cerezo y Jumilla», titulado «La mambla celto-romana y epigáfica de Bretal» (*Boletín de la Real Academia de la Historia*, volumen LIX, 1911, páx., 412) fala o sabido beneditino de un epígrafe alcontrado perto do lugar de Bretal, e cita as seguintes mámoas que il coída sepulturas romanas:

Moitas nos termos do dito lugar de Bretal.

Outras no camiño de Carreira a Corrubedo, en Oleiros, nas abas dos montes Cidá e San Alberto i-entre Bealo e Cespón.

No monte Segón ollou tres e seis perto da Ponte Brea, i-en Rianxo falaronlle de unhas mámoas que tiñan unhas pedras disformes chantadas fondamente no chán.

Istas novas aparecen tamén n-outros traballo de Sarmiento como no papel «Sobre la voz Oleiros» (*Semanario Erudito de Valladolid*, vol., XX, páx., 71, Madrid 1781) e no «Onomástico etimológico de la Lengua Gallega» (*Folletón de La Integridad de Tuy*, 1923).

Ninguén volve falar despois da arqueoloxía barbanceira ata que *Verea y Aguiar* (*Historia de Galicia, Investigación V*, páx., 1), O Ferrol, 1838) ocúpase de un túmulo con «piedras victoriales» esistente perto da vila de Noia e no primeiro escalón da serra da Barbanza. Trátase indudablemente da «Cova da Moura» fermosa anta situada na freguesía de Argalo, da coal di Verea mais adiante (*Investigación XX*, páx., 193) que leva o nome de un rei de Lacedemonia.

Alusión ás antas barbanceiras temos que vela tamén n-un párrafo de *Vicetto* (*Historia de Galicia*, vol., I, páxs., 76 e 78, A Cruña, 1865) no que menzúa moitas mámoas que esisten en terras veciñas á ría de Arousa, e unha nova intresante en col da «Cova da Moura» alcontrámola en *Barros Sibelo* (*Antigüedades de Galicia*, páx., 78, A Cruña, 1875) ó decirnos que a Tampa, oxe desparecida de aquela anta, media tres metros cadrados.

*Manuel Murguía*, no tomo «Galicia» da colección «España. Sus Monumentos y Artes,

Barcelona, 1888» fala na páxina 35 (nota) e na 43 de algunas tradizóns relativas a la goa de Carragal, na páxina 96 (nota) fai considerazóns ás notizas do P. Sarmiento e na 627, reproduz fotograficamente a xa citada anta de Argalo.

Unha descripción de iste megalito, recollémosla no artigo de *Núñez Sarmiento* «El Crucero de Berrimes» publicado na «Galicia Diplomática» (ano IV, n.º 17, Santiago 28 de Abril de 1889, pág., 133) e por unha nota da dirección que o acompaña, aprendemos que asegún datos que foron remitidos por don Fernando Món Vázquez, cabo-comandante do posto da Guardia Civil, a tampa do dólmen de Argalo media 370 metros de longo por 3'40 de ancho e 15 centímetros de grosos, e que os esteios tiñan 2'02 metros de outura fora do chan, 1'40 atuado e 20 centímetros de grosos.

No 1893 publicou *López Ferreiro* o volume I da sua «Historia de la Iglesia de Santiago», recollendo nunha nota da páxina 272 a notiza do achádago no Chán da Barbanza, planura que dí arrodeada de castros e con moitas mámoas, de un tesouro de adóas áureas enfiadas.

Voltou *Murguía* na II edición da «Historia de Galicia» (vol., I, pág., 614, a Cruña, 1901) a falar da anta de Argalo que describe como «formada por nueve losas, dos pequeñas que forman la entrada y siete mayores de 2'30 metros» e na páxina 616 ocúpase do dólmen de Oleiros, no que observa a desigual outura dos esteios.

*Villaamil y Castro* no seu traballo «Productos de la metalurgia gallega en tiempos remotos» publicado no «Boletín de la Comisión de Monumentos de Ourense» (vol., III, 1907, n.º 54) precisa os datos de López Ferreiro en col das adóas áureas do Chán da Barbanza, decindo que foron atopadas dantes do ano de 1893, na freguesía de Cures, Concello de Boiro, e reproduz en dibuxo duas de elas propiedade do Sr. Blanco Cicerón de Santiago, engadindo que o seu grandor e como o das abelaias, e que se semellan a certas xoias galo-romanas do Museu do Louvre.

As primeiras referencias algo detalladas

en col dos megalitos da propia serra da Barbanza aparecen no libro de *Xán Cabré*, «El Arte rupestre en España» (Memoria n.º 1 de la Comisión de Investigaciones Paleontológicas y Prehistóricas, pág., 92, Madrid, 1915) na seguinte forma: «Mámoas del Monte Barbanza, Noceda (La Coruña). De diez a doce de estos monumentos hay en dicho monte. Varias de las losas que componen los túmulos están grabadas en su interior, y las figuras representadas consisten en líneas onduladas, cruces y otras muy bien determinadas como humanas». Iste datos foron comunicados a Cabré, asegún il mesmo declarara, polo arqueólogo *D. Eladio Oviedo e Arce*, que moitas veces percorreu a Serra, mais compre que digamos que o número de mámoas ali existentes, pasa moito da ducia que il lle asina, e así mesmo declarar que non podemos facer a comprobación, pese os nosos esforzos e inquéritos, da existencia de insculturas mais que nunha soia pedra de anta, sendo posibel que moitas teñan desparrado recentemente como ocurriu, cun esteio con sinos alfabetiformes, ollado ainda non hai moiho polo epigrafista *P. Celestino García Romero* e polo seu sobrino o culto cura económico de Cespón, e que foi esnaquizado polo salvaxe que despois de arrincalo do seu asento secular e utilizalo na parede de unha corte, crebouno en cachos para afollararse, asegún nos dixo o veciño de Noceda, Xosé Rey Brión, as molestias que lle causaban as repetidas visitas dos curiosos que iban esaminar a pedra.

As mesmas novas fornecidas por Oviedo e Arce, deberon ser aproveitadas por Cabré no Artigo «Los grabados rupestres de la Torre de Hércules (La Coruña)» (Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos, III época, ano IX, Maio-Xunio 1915) onde menzúa as devanditas insculturas.

A descripción da «Cova da Moura» de Argalo, tal e como a fixo Murguía, alcóntrase en compañía de un fotograma da anta en custión, no libro de *Manuel de Saralégu y Medina*, «Los Monumentos Megalíticos en España» (Madrid, 1918, páxs., 88 a 90).

Algunhas atinadas observazóns en col do «Coto da Amoreira» foron feitas polo *P. Celestino García Romero* no artigo «Un templo

primitivo en el coto de Amoreira», publicado no «Boletín de la Real Academia Gallega» (ano XVII, n.º 145, 1922) no que se describen certas edificacóns de destino impreciso de iste cumo da freguesía de Cures, recolléndose os epígrafes romanos atopados na banda occidental da Serra e contásemos como o autor tivo a fertuna de ollar as mámoas ainda enteiras a primeira vez que visitou a Barbanza, sinalando despois como data do espolio das mais de elas, o ano da aparición casual das adóas de ouro xa mazoadas.

Unha pequena alusión ás insculturas barbanceiras, tomada sen dúbida do libro de Cabré «El arte rupestre en España» achámola no traballo de C. de Mergelina «La necrópoli tartesia de Antequera» que viu a luz nas «Actas y Memorias de la Sociedad española de Antropología» (ano I, Cuaderno, I, pág., 37, Marzo do 1922).

Os datos fornecidos por Murguía, con respecto a anta de Argalo, aparecen novamente aproveitados por Obermaier (Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia), Boletín de la Comisión de Monumentos de Ourense, vol., VII, ns., 148 e 149, Enero-Abril de 1923, pág., II) e por Pérez Bustamante e Parga Pondal («Los dolmenes de Dombate y de la Gándara; separata do Boletín de la Biblioteca Menéndez y Pelayo, Santander, 1924, pág., 32).

Derradeiramente un de nós publicou nos «Arquivos do Seminario de Estudos Galegos» (n.º I, vol., I) uns apuntes tidoados «Anta e penedo grabado de Oleiros» que se ocupan da anta de Axeitos (Oleiros) dando a sua planta, e das insculturas esistentes n'unha peneda cercana, que tamén recolleu Ramón Sobrino Buhigas, e forma parte da maravillosa colección, regalada ó Seminario de Estudos Galegos no Abril do presente ano. Sirva iste traballo de revisión e complemento de aquela nota, producto de unha lixeira visita.

Os datos recollidos na bibliografía citada e os que nos forneceu algúns ilustrados i-entusiastas amigos, entre os que compre que nomeemos en lugar preferente a Ramón Martínez López, a Manuel F. Sendón e a Xosé Outeiro Espasandin, foron os nosos

guieiros pr'a investigación da arqueoloxía prehistórica e do folclore barbanceiro.

Dirixiu-se especialmente ista investigación, que polo que respecta as repulturas dolménicas das veciñanzas de Santa Uxia de Ribreira, matinamos compretar n'unha próxima campaña, ó estudio das mámoas e das cámaras que algunas conteñen ainda. Convén advertir que ningunha de aquelas está intacta e que o seu eisame ofrece por enteiro o triste proceso da sua destrucción, dende o túmulo esborrallado e xa sen trazas de anta, ata os megalitos que conservan todal-as suas pedras anque derrubadas e maquiadas en grande parte, sendo de notar que as cámaras mais intactas, ólanse no seu interior por completo valdeiras de terra. Foron estas circunstancias as que nos impidieron levar a reo a escavación de todal-as sepulturas, deixando dende logo de man, aquéllas que non ofrecían, ó noso xuízo, ningunha probabilidade de conservación de moblario e abrindo en troques aquéllas que o precisaban pra determinanza da sua naturaleza e pr'a nida visión da forma dos megalitos.

N-istes traballos non-os acompañou a fertuna i-en ningures asoellamos o menor resto de axuar. Recollemos si, novas de machados e de cerámicas que tiñan aparecido en tal ou coal mámoa e que foron regalados a particulares, e ollamos na Torre de Goians (Lampón) tres machados de pedra procedentes da Barbanza e que posiblemente formarián parte do moblario de algunha das mámoas e ainda chegamos a adequirir a sospeita de si os machados tamén de pedra, que están n'unha vitrina da «Sociedade Económica de Santiago» rotulados como obxectos recollidos en castros e mámoas da provincia da Coruña, por D. Eladio Oviedo e Arce, non terán polo menos en parte, a mesma procedenza.

Como denantes dixemos non hai en toca a Barbanza un soio túmulo que non presente señales de repetidos e fondos remeximentos, mais de todos xeitos isto non debe tirar azos a outros investigadores, que con mais vagar e con mais medios dos que nós tivemos, procuren n'un eisame detido da totalidade da terra das mámoas algún resto esquecido ou

desbotado de moblario que nós non chega

5

debutos

5

ou-  
no e  
igas

se a  
cu-  
o en  
, su-  
edra-  
tada

ixe-  
xdea  
ares  
case  
for-  
e, a  
cas-  
ticho  
· un  
ue c

me-  
te c  
cón-  
· en  
es







mitivo en el coto de Amoreira», publica-

guieiros pr'a investigazón da arqueoloxia


desbotado de moblario que nós non chegamos a acadar.

### A CITANIA E A MÁMOA DO MONTE «A CIDÁ» E O FOLKLORE DA LAGOA DE CARRAGAL


(Véxanse no mapa os números 1 e 2)

**EMPRAZAMENTO.** — Erguese o monte «A Cidá» a un kilómetro ó noroeste de Santa Uxia de Ribeira, por riba mesmo da praia de Corrubedo, moi perto da lagoa de Carragal i en termos da freguesía de Carreira. Anque a sua cota non é moi considerabel, é tan ollosa a sua situazón, que dende il albisase toda a veiramar oeste da Galiza, dexergándose polo sul o monte de Santa Tegra que está por riba do esteiro do Miño, as entradas das rías de Vigo e de Marín, co cabo Silleiro e as illas Cies e Ons e grande parte da ría de Arousa; e polo norte a ría de Muros e o lombo azulado do cabo Fisterra.

**A CITANIA.** — Remata o monte «A Cidá» nun curuto de abas pinas e penedosas (fig 1) por todas as vertentes, agás na do noroeste



(fig. 1)



(fig. 2)

que é mais lene, indo a bater a unha e as outras nun escalón inferior de pouco ancho e que cae longo en pendente donda nas veigas que arrodean o monte.

O recinto fortificado do castro (véxase a pranta e alzados da figura 2) colle soio o curuto terminal que foi aplainado de intento en toda a sua estensión agás nas bandas sul, suleste e leste, onde unha rexia morea de pedra de grá que ali existe, debiu ser aproveitada a modo de forte acropole natural.

As obras defensivas consisten nun sinxelo valado, oxe coberto de terra que arrodea o curuto e que sobresai nalgúns lugares mais de dous metros, estando noutros case por completo esborrallado. Ista sumaria fortificación duprífcase na banda do noroeste, a mais flebe de seu, por un ó xeito de antecastro de 70 metros de longo por 10 de ancho maisimo, que se alcontra protexido por un valadiño do mesmo grandor e aspeito que o denantes descrito.

En toda a área central do castro, que mede 105 metros no diámetro maior, do norte ó sul, e 70 no pequeno do leste ó oeste, alcóntrase abastanza de cachote, procedente en parte das canteiras que ali foron e son es-

protadas i-en parte tamén de antigas edificacións das que queda lembranza no nome de «As Cortiñas» con que no país conócese o recinto murado.

En secuencia do esposto, pódese clasificar a estazón que nos ocupa entre as citanias de un soio recinto, tipo castrexo moi corrente en toda a Galiza, debendose facer notar que non embargantes a sua situazón costeira, «A Cidá» semellase esaitamente ás construcións similares de terra adentro e non ten en troques imitanza con certos castros de tipo mariñán existentes na ría de Arousa (Castro Grande do Neixón) (1) e na bisbarra do Ortegal (2) erguidos en puntas ou pequenos cabos de maneira que o mar os arrodea por tres bandas como un excelente foso, tipo de fortificación prehistórica que é tamén moi corrente na Bretaña francesa.

Non podemos acadar ningunha notiza que faga referencia o achádegoo de obxectos nin na área murada nin nas suas veciñanzas, mais pol-o seu feito identificase tan doadamente ista citania con outras da Galiza e do norte de Portugal xa esproradas, que nos arriscamos a afirmar que nela alcontrariase o dia en que fora escavada o mesmo material arqueolóxico de fondo posthallstático con mistura mais ou menos intensa de elementos romanos, que tan vivamente caracteriza o grupo septentrional da cultura dos castros.

**UNHA MÁMOA DOLMÉNICA.** — N-un pequeno outeiro situado na banda do sur-leste do primeiro escalón a que denantes nos referimos, óllase ben nido o perfil arredondado de unha mámoa. É ista sen dúbida unha das citadas pol-o P. Sarmiento como existentes «en la falda del monte Cidá», i-é posibel que nos tempos en que a fitou o sabido benedictino, non estivera tan derramada como na actualidade. Mede 17 metros de diámetro por 2 de outura, e despois de escavada fondamente deixa chegar ó chán natural non alcontramos nela mais cousa de intrés que un esteo da anta, que apareceu deitado no meio da morea tumular e que ten 2'64 metros de longo, por 1'47 de ancho e 15 centímetros de grosso, i-está formado por unha

laxa de pedra de grá que non presenta ningún sinal de labra.

**FOLKLORE DO MONTE A CIDÁ.** — Fala un veciño de Carreira chamado Lampón, a quem alcoutramos apañando batume no curuto do monte.

«Aqui houbo casas; unha aboa do meu veciño ainda se lembraba de ver algúns en pé. Dende aquí vixiábase antigamente a mar cando os mouros vivian no monte. Despois os mouros foron botados pra África e atrás de iles viñeron os godas e despois nós».

Non é a primeira vez que nas nosas coleitas folklóricas nos temos atopado con relatos de ista crás, que semellan lembranzas enlaidas das nozóns da historia de España deprendidas na escola. No castro da Martiñá (Cea, Carballiño) un veciño do lugar do mesmo nome díxonos que os mouros demoraran allí douscentos anos. Do outeiro de Rubiós (Verea, Bande) contounos Antón Peaguda, antigo sárqueno, home lido e moi sabido nos segredos do Libro de San Cipriano, que os mouros que n-il habitaran foran desbotados polos romanos despois de unha longa e sanguinaria loita. Do castro de Vimieiros (Cartelle, Celanova) tamén foron espulsados os mouros polos romanos, asegurou un veciño de Pereira de Montes (Merca Celanova), cujo nome non podemos recoller. O pé do castro de San Facundo (Cea, Carballiño) sostiveron grande batalla o propio San Facundo e o seu compaño San Primitivo ca mourindade que vivía no castro e derradeiramente e por testimoio de Santiago Bernárdez Otero, do lugar de Coucieiro, enteirámonos de que os mouros do castro de Souteliño (Irixo, Carballiño) viviran n-il denantes da chegada de romanos e cartaxinexes.

Convén notar que a posición cronolóxica dos mouros desprázase sistemáticamente en case todos istos relatos pra unha época anterior á chegada dos romanos. Pouco importa que se diga que foron botados pra África, cousa pol-o demais compretamente inesaita tratándose dos árabes e bereberes invasores da Galiza, a verdadeira natureza aborixen dos nosos mouros sobreponse ós elementos emprestados e o seu preromanismo queda de cote nido e patente.

(1) Véxase a sosa monografía «Prehistoria galega. O Neixón», B. de la R. A. Gallega, números 181 a 188, 1924.

(2) Nota do ilustre arqueólogo cristián, Anxel del Castillo.

No caso de «A Cidá» os conquistadores latinos non son menzoados quizais por unha falla nas lembranzas do noso informador, mais nin por elos os mouros atinguen o seu lugar histórico se non que aparecen como os poboadores mais antigos da cidadela e dentro de logo anteriores á domiñanza dos *godas*.

O FOLKLORE DA LAGOA DE CARRAGAL.—Fala agora Antonio González Bermúdez, casado, de 55 anos e veciño de Santa Uxía de Ribeira.

«Na Lagoa de Carragal, que se olla ó pé do monte, está asolagada a cidade de Malverde (Valverde) onde había mouros que foron desbotados por Calromano e os doce Pares de Francia e mais Oliveros, e nunha peneda do monte hai unha patada do cabalo de Roldán, dada cando iste pideu, despois do sol posto, unha hora de dia pra derrubar os enemigos. I-é dende entón, que, despois do sol posto, hai unha hora de luz.»

«Por frente do Rio do Mar presentouse, e de isto pasaron xa moitos anos, un barco que perguntou pol-a cidade de Malverde, e como lle dixeran que tiña desparecido había tempo, ergueu velas e marchou.»

«Por aquil río ian os barcos antigamente ata a Ponte de Sanchanás e ainda hai pouco vianse alí as argolas con que os amarraban.»

Parte de ista lenda foi conocida xa por Sarmiento e por Murguía (1) a quens referiron a consella da cidade asolagada e contaron que nos días craros ollábanse no fondo da lagoa as trabes das casas e argolas de bronze.

Non andivo Murguía descamisado o precurar a orixe de ista tradición no seudo Turpin e nos miragues e canzóns de gesta que se cantaban na porta da catedral de Santiago polo tempo dos pelerinaxes. Estaban en grande parte aquelas canzóns e miragues infiltrados de motivos pertencentes o círculo caroliniano, e o mesmo historiador di ter recollido romances de iles derivados. Mais a razón que lle asistía óllase mais patente na versión que nós acadamos, intimamente relazoaada sen ningunha dúbida, co aquil pasaxe do seudo Turpin en que despois de referir o longo fitar de Carlomagno pra

a Galaxia, a aparición tres veces repetida do Apóstol Santiago, que prega ó Emperador para que ceiba a sua sepultura do poder dos árabes, a expedición do exército franco a España e a conquista e sometimento de infinidas terras e poboazóns, dise por derradeiro o seguinte:

«Todos foron sojuzgados do muy nobre Calrros, et metudos so o seu señorío salou Lucerna (*Lucernam urbes munitissimam que est in ualle uridino testo latino*) que agora chaman Borroas que he Valverde que era entón muy ben murado e muy forte. Et despois volvieron a ella e teua a cerca de cuatro meses. E jazendo sobre ella por que a non pudo tomar, rogou a Santiago que lle gañase gracia de Deus porque a podese a ver; e feita oración caeron todo los mouros da villa e des entón fezose y lugar que non pode ningun morar e no meogo de ela hum lago muy alto e muy negro en que andan peixes muy grandes e muy negros.» (1)

E mais adiante engadese:

«Maldiiso (Carlomagno) estas tres ciudades porque lle foron mañas de tomar; conven a saber; Luçerna, Ventosa e Capara. Et despois nunca en ellas ningun prouou.»

A verdadeira localización de ista Lucerna e de iste Valverde ten sido moi discutida. O P. Fita colocounos na serra de Gredos; Alfred Norfelt (2) no río Tinto na Andalucía; Dozy, perto de Valencia (3) e Murguía e Joseph Badier (4) no lago de Carrucedo, no Bierzo.

Ista derradeira opinión é a que nos parece mais atinada, atendendo non só a circunstancia de que agás algunas expediciones a Córdoba e a Coimbra, todos os lugares mencionados na lenda das campañas de Carlomagno na España alcóntrense situados no camiño francés da pelerinaxe, senón tamén a que asegúran sostén o agudo crítico M. G. Paris parte da crónica seudo turpiniana foi escrita por un monje de Santiago ou por un crego francés en Compostela. (5)

Mais o inzamento e popularidade que atingiu tal lenda na nosa terra polos séculos

(1) *Eugenio López Aydillo*, «Os Miragues de Santiago», Madrid, 1918, págs. 87 e 88.

(2) «Glossaire des esquisses de Visleu».

(3) «Histoire poétique de Charlemagne».

(4) «Les légendes épiques», Paris, 1923.

(5) «Romanis» vol. XI.

(1) «Galicia», lugar citado nas notas bibliográficas.

XII, XIII e XIV, debiu ser tan grande que moitas das cidades que se coidan asolagadas nas lagoas galegas levan os nomes de Valverde ou Lucerna, sendo tamén dito de ser notado o caso de que nos finais do século XV ainda se facía en Portugal contemporánea de Carlomagno a invasión da Galiza polos árabes, asegún se olla nunha interesante historia debida a Eustaquio de la Fosse, (1) natural de Tournay, que feito prisoero polos portugueses cando andaba a comerzar nas costas do oeste africano e traguido a desembarcar a Cascaes, conta como os marifeiros referironlle que no meio do mar había unha illa encantada e feita invisibel por un bispo de Portugal, que fuxiu pra ela con moitos que o seguiran cando os sarraceños domearan Granada, Aragón, Portugal e Galiza, nos tempos do emperador Carlomagno.

Boa proba asimesmo do espallamento e penetración do noso pobo polos motivos do ciclo carolinxio son certas tradizóns como a localizada en Mones (Petín, Valdeorras), en que tres mozas perseguidas por *San Roldán*, choutan de un pulo por riba do río Sil, e o héroe non podendo alcanzalas convírtelas en tres pedras brancas botándolle un feitizo, e tamén na abastanza de romances e historias que circularon e ainda circulaban hai poucos anos, pola Galiza e polo norte de Portugal, e das que viu Sarmento un exemplo que levaba o curioso título «Memoria e lembrança de hum papel que vieu de Barbária e que trouxo un portugués que veieu captivo» onde asegún verbas do propio Sarmento liase «que o rei Pepino deixou muitas fazendas enterradas no nosso paiz, quando por ca andou com a sua mulher Lidiana Mugem Venida.» (2)

É polo tanto iste caso de intromisión do ciclo carolinxio no noso folklore un caso ben craro de infuencia da literatura (migres, canzóns de gesta, seudo Turpin) criada a favor dos pelerinaxes a Compostela e amostra o espallamento e quentura popular que por aquiles séculos tiña nas duas

Galizas todo o referente a sepultura do Apostol, sendo dito de notarse que no século XIII un xograr castelán facía decir a Carlomagno: «Adobé los caminos del apóstol Santiago.» (1)

Ora, sería de verdadeira importancia pra o etnógrafo e pra o prehistoriador o comprobarse moitas das lendas galegas en que aparecen Carlomagno, Roldán ou doce Pares, non son desfiguranzas de outras existentes anteriormente e sobor de todo pór en craro se as localizáns de Lucernas e Valverdes en certos lugares do noso chán, obedecen soio a existencia de lagoas, ou se como quer Murguía, temos que ollar nelas o roncal de antigas habitazóns palafíticas. É iste un punto que a ren conduciría discutir, ata que un traballo metódico de esprorazón poña en craro si en Reirís, Carragal, Antela, Doniños, etc., esistiron ou non cidades lacustres e cinguirémonos polos tanto a citar a título informativo un caso do que fala Martins Sarmento, localizado no campo da Ataca (Guimaraes, Minho) en que unha fantástica batalla entre «os Maus e os Pares de Francia», posse no canto de un auténtico combate ali librado nos primeiros tempos da independencia de Portugal. (2)

E non remataremos iste comentario sen decir que non todalas cidades asolagadas da Galiza o foron por Carlomagno. Unha hai na freguesia do Lago (Maside, Carballiño) que foi mergullada nas augas por certas fallas de caridade que os seus habitantes tiveron ca Virxe María, a coal decretou o seu afundimento coa fórmula pintoresca:

Lago, te asolago  
o de enriba para embago. (3)

Tampouco todas estas cidades chámense Valverde ou Lucerna e ainda por veces estes nomes andan xuntos con outros. A vila asolagada na lagoa Antela leva o nome de Antioquia, e a historia do seu mergullamento está relazoadas co martirio de Santa Eufemia e Santa Mariña, debendo seguramente aque-

(1) Cesario Fernández Duro, «Viaje por España, Portugal y costa de África en el siglo XV», B. de la R. A. de la Historia, vol. XXXII, 1898, pág. 17.

(2) Martins Sarmento, «Materias para a arqueología do Concello de Guimaraes», R. de Guimaraes, año de 1899, pág. 18.

(1) No fragmento de Roncesvalles topado no Arquivo provincial de Pamplona. Véx. o estudo de Menéndez Pidal na R. de Filología Española, vol. IV, cuaderno II, Abril-Junio 1927.

(2) Martins Sarmento, op. e loc., cit.

(3) Ista noticia como a de Mones (Valdeorras) da coal ven unha variante na «Galicia» de Murguía, debemos a amabilidade do ilustre folklorista Vicente Risco.

la denominanza á impresión producida en toda a cristiandade polos terremotos que nos séculos III e IV esborrallaron a dita cidade siria, orgullosa rival de Roma, sede de moitos concilios e ilustre cuna do nome cristiano.

Fora das lembranzas carolinxias, hai na tradizón da lagoa de Carragal, tal e como nos foi referida, unha misturanza de outros dous elementos que non deixan de ser interesantes. É o primeiro o relativo a patada do cabalo de Roldán e o segundo fai referencia ó aumento da dura da luz do día, que iste héroe pede e consegue dos poderes celestes.

A patada en custión, cuia sinal non-os foi amostrada, non debía ser outra cousa que unha sinxela esmonadura de unha peneda, de forma mais ou menos circular e debida seguramente a un axente natural.

De iste xeito serían tamén as sinaes de outras patadas do cabalo de Roldán e do cabalo de Sant-Iago cuias tradizóns di ter recollido Murguía en territorio da Galiza, anque non precisa o lugar da colleita, e da mesma crás eran tamén as que nós ollamos no Salto do Cabalo (Serra de Penas Libres, Vilardevós, Verín) e na citania das Laxes das Chás (Oimbra, Verín) debida a primeira a un espanto da besta que montaba un soldado cando foi allí acometido por unha grande serpe ou dragón e a segunda ó propio

cabalo de Sant-Iago (1), así como as do castro de Couso, freguesía de Santa María de Couso, perto de Pontevedra, onde se ollaban, dixéronnos, as ferraduras da besta do Santo Patrón.

Relatos semellantes atópanse a fartura en Portugal, referentes a penedos onde, asegún o decir da xente vense as pegadas da Virxe, de certos santos ou de homes ou animaes lexendarios e asimesmo na Francia, onde non fallan as pedras que teñen gravurados os pés da Virxe María ou de San Martiño (2). Coidamos con Dechelette que o conxunto de estas crenzas debe aporxe a unha orixe litúrxica desfigurada pola sobreposición de elementos cristiáns.

En canto á prolongazón do día por unha hora despois do sol posto, temos que preciar a sua fonte primitiva no miragre de Josué, anque non sepamos se tal elemento incorporouse directamente dende o Antigo Testamento ó noso folklore ou se o fixo por intermeio de algunha canzón ou romance por nós desconecido.

FLORENTINO L. CUEVILLAS  
e FERMÍN BOUZA BREY,

(Continuado.)

(1) *F. L. Cuevillas*, «Papelatas arqueolóxicas e folklóricas da bisbarra de Verín» revista NÓS, n.º 36, 1926.

(2) *Dechelette*, «Manuel d'Archéologie Préhistorique», volume I, páx. 828.





# Catálogo dos Castros Galegos

PUBLICADO POL A SEIZÓN DE PREHISTORIA  
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

## VERBAS PRELIMIARES

Poden concretarse os fitos da catalogazón que oxe emprende iste Seminario nos puntos seguintes:

- a) Determinanza da localización xeográfica dos castros que presentan obras defensivas.
- b) Determinanza da localización de certos lugares, que levando aquil nome, non ofrecen vestixios de fortificación e conservan soio lembranzas folklóricas. (Contos, lendas, celebración de foliós ou romaxes, etc.)
- c) Recollida de todos os datos relativos á forma, mensuras, xeitos defensivos, situación, obxectos asoellados e referencias bibliográficas de cada unha das estazóns estudiadas.
- d) Acadamento de notizas respeito ás mamoas, acochos, achádegos soltos e restos de intrés arqueolóxico de toda crás, que esistan ou teñan aparecido nas veciñanzas dos castros.
- e) Recollida do folklore localizado en cada recinto castrexo.

Dividiremos o noso Catálogo en sezóns que se corresponderán no posibel con bisbarras naturaes e, dentro de elas, as notizas relativas a cada estazón irán repartidas baixo os epígrafes seguintes: DEFENSAS, MENSURAS, OBSERVAZÓNS, FOLKLORE e BIBLIOGRAFÍA.

A documentazón gráfica costará de un croquis con pranta e corte ou cortes pra cada castro catalogado, sempre quén istos teñan obras defensivas, e dos dibuxos e fotografías que sexan indispensables pra o escrarecimiento do texto.

Cada sezón irá precedida de unha pequena nota xeográfica da bisbarra, que dende logo debe considerarse como esprorada por completo, e seguida de algunas considerazóns xeraes de orde arqueolóxico e folklórico e de un mapa, onde a mais de sinalarse o emprazamento dos recintos castrexos, sinalarase o dos outros xacimentos prerromanos ou romanos da sua veciñanza.

Encetamos a nosa labour ca publicación de tres bisbarras do sul da Galiza: *Val de Vilamarín, Terra de Carballedo e Terra de Celanova*, que tencionamos axuntar en tres fascículos tirados aparte.

Non se nos oculta a manitude da tarefa que oxe emprendemos, mais o entusiasmo e as forzas mozas que latexan dentro do noso seminario dános a seguranza de que ha ser levada a cabo n'un tempo relativamente curto.

## SEIZÓN PRIMEIRA

## VAL DE VILAMARÍN

O val de Vilamarín, que se pode chamar tamén val outo do Barbantiño, por ter iste río a sua nacenza nos montes da sua banda norte, alcóntrase situado a 11 kilómetros ó norte da cidade de Ourense. É unha terra crásica de meia montaña, con prados vizosos, searas estesas, boas millareiras, sombrizos soutos de castiñeiro e mestos piñeiros. O norte e oeste atópase domiñado pol-a rexia mole da serra da Martiñá e pol-as cumiadas mais baixas que fan a divisoira das cuncas do Barbantiño e do Bubal. Pol-o sul e pol-o leste ringleiras de outeiros ben traballados pol-a erosión marcan a divisoira co Miño.

O relevo do val é abondoso en monticelos de cota flebe, escollidos moitas vegadas pra o emprazamento dos castros, notándose que istes monticelos erguen mais os seus lombos conforme se achegan ás abas da Martiñá.

A formación xeolóxica é normalmente a de estratos cristaiños en case que todo o val, agás nos montes outos do norte e do oeste onde existen fortes afroramentos de pedra de grá.

## Número I

## CASTRO DA MARTIÑÁ


**EMPRAZAMENTO**—Na provincia de Ourense, Concello de Cea, Freguesía de Vales de Oseira, a uns 600 metros enriba e cara o norte do lugar da Martiñá e a 4 kilómetros do Mosteiro de Oseira.

Atópase costruído no cume mais outo (1.000 metros) e penedoso da serra de aquil nome e albiscanse dende ilas terras de meia Galiza. Fican ó seu pé os vales do Arenteiro e do Barbantiño e as veigas de Amoeiro, Vilamarín, Carballiño e Cea, e mais lonxe xá, dexérganse os vales do Miño, da Arnoia, da Avia e do Bubal, pechando o horizonte pol-o norte o Pico Sagro e a serra do Faro, pol-o leste os montes do Barco e do Bolo, pol-o sul as ouras raianas do Laboreiro

e de Santa Eufemia e pol-o oeste o Sudo e o Testeiro.

**DEFENSAS**—É iste un castro de feitura sinxela. O cume onde se asenta, foi aplaíndado todo o que o permitiu a sua natureza penedosa, e ten de arredor restos de unha muralla de cachotes, que se erguía direitamente dende o chan natural, sen ter debaixo terraplén nin foso dedicante.

**MENSURAS**—De xeito case circolar, mede:



No eixe maior do leste ó oeste 122 metros. No eixe pequeno do norte ó sul. 116 metros.

**OBSERVAZONS**—Todas as pedras soltas que se alcontran dentro do castro parecen ter pertencido ás murallas de defensa, non observándose ningún sinal de alicerces, nin vêndose na superficie do terreo tégulas nin cerámicas de ningunha crás.

A principal caraterística de iste castro é a cativeza das suas defensas artificiales, debida cicáis á probeza en recursos ou en

xente da poboazón que o ergueu, ou a que o rexo da posizón natural dispensounos de meirandes esforzos na obra de fortificazón.

FOLKLORE.—Un home do lugar da Martiñá, que por certo gabounos moito a forteza do castro, decindonos que non tiña parello na bisbarra, contounos que toda a obra fora de man dos mouros que viviran n-il e n-ista terra 200 anos. Díxonos tamén que o castro tiña sona de ter tesouros de abondo.


BIBLIOGRAFÍA.—Aparece citado iste castro por Vázquez Núñez «Las Mámomas» Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense, vol. I, pax. 351.

(Catalogado por Vicente Risco, Arturo Suárez, Leuter G. Salgado e Florentino L. Cuevillas.)

### Número II

#### CASTRO DE BAÍNTE

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, Concello de Vilamarín, Freguesía de Santa María de Vilamarín e a 300 metros



cara o Noroeste e por enriba do lugar de Baínte.

Está no cume de un monte de xeito arre-

dondado e cheo de toxos e carpazas, que fai como un contrafrente da serra da Martiñá, de cuias abas meridionales fica desviado uns 600 metros, meténdose somente no meio o val estreito e pouco fondo onde se asenta o lugar de Vilar de Montes.

DEFENSAS.—Cingua o castro unha muralla, oxe esborrallada, feita de cachotes pequenos que se ollan derrubados a un e outro lado do alicerce, que se ergue en col de un terraplén de 9 metros de outura meia, a cuio pé corria un foso do que quedan ainda grandes vestixios.

Pol-a parte central de iste recinto, i-en direición aprosimada do leste ó oeste, vai outra muralla, feita asimesmo de cachote, que o atravessa facendo unha curva, en toda a sua estensión.

A muralla esterior apoiase ás veces nas irtas penedías do monte que lle serven ó xeito de fortes torres.

MENSURAS.—Mede:

Do norte ó sul . . . . . 163 metros.

Do leste ó oeste . . . . . 120 metros.

OBSERVAZONS.—O primeiro que compre notar é a forma pouco frecuente de iste castro. O sinxelo eisame da pranta, amostra que a fortificazón ten duas partes cincas de costrucción sucesiva. Unha case circular que ocupa por completo o cume do monte, e a outra coadrada e coas esquinas apoiadas en duas penedías, que se estende cara o norte, baixando un pouco pol-a aba de aquela beira.

Pódese espricar ista forma exceisional do castro de Baínte pol-o desexo dos seus moradores de aproveitar, unha vez costruído o primeiro recinto fortificado, as duas penedías de que denantes falamos, que pol-a sua outura e proximidade podían render bons servizos a unha tropa sitiadora, namentres que avencelladas entre si por un lenzo e axuntadas con outros dous á fortificazón que supomos primitiva, convertianse en verdadeiras torres, situadas estratéxicamente en dous ángulos do recinto.

A existencia n-iste castro de habitazóns de pedra, é ó noso sentir indubidabel. A grande cantidade de cachotes que se atopan esparsos pol-o seu chan e a forma caraterística de algúns de iles, amostran, embora os ali-

cerces non afroren á superficie, que houbo ali casas de abondo, que se repartían ó parecer por igual nos dous recintos que deixamos descritos.

O xeito cadrado da parte norte de iste castro, fixonos matinar no seu aproveitamento serodio pol-as lexións romanas. Foi por elo pol-o que estremamos no posibel, as nosas observazóns sen que nos fora dado notar ningunha diferenza no sistema costrutivo dos dous muros, nin recoller ningún anaco de tégulas, que andan tan vastas nos xacementos posteriores á conquista romana ou romanizados con certa intensidade.

FOLKORE.—Manuel Rodríguez, de 56 anos, veciño do lugar de Pazos, na freguesía de Vilamarín, cóntanos o seguinte:

—Estaba unha moura asocellando ouro no castro cando certou a pasar por ali un home de Baínte, que se quedou a ollar pra tanta riqueza e dixo:

—Ay! Se me dera un pouco!

Ó que a moura respondeu:

—Quérelo ós puñados,  
ou quérelo ós ferrados.

E o home de Baínte escramou moi pronto:

—Quéroo ós ferrados.

—Pois logo vai aixiña buscal-a medida.

Correu o home cara a casa mais cando voltou ca medida o ouro e a moura xa desapareceran.

E o de Baínte laiábase: Se houbera dito ós pufiados, por ser que arrestoras algún ouro fora metu\*.

—

Ó pé do castro hai unha fonte que ten sona de acochar un tesouro.

N-unha peneda do castro esiste unha pia dos mouros que case de cote ten auga.

BIBLIOGRAFÍA.—Aparez citado iste castro por Vázquez Núñez (Loc., cit., no Castro da Martiñá), por Díaz Sanjurjo, *Los caminos antiguos y el Itinerario n.º 18 de Antonino en la provincia de Orense*, B. de la C. de Monumentos de Orense, vol. II n.º 37, páxina 222, Marzo - Abril do 1904 e por Anxel del Castillo, *Los Castros Gallegos*. A Cruña

1908, pax., 7, que recolleu os datos de Vázquez Núñez.


Debemos facer constar que istes datos non son por completo exactos, pois iste chourado arqueólogo ourensán falou do notable «Castro de Baínte, formado por tres parapetos y en cuya cumbre se conservan numerosos vestigios de antiguas construcciones». O erro de Vázquez Núñez, debiu nacer de tomar por sinxel parapeto a escarpa do foso.

(Catalogado por Vicente Risco, Leuter G. Salgado, Arturo Suárez e Florentino L. Cuevillas.)

### Número III

#### CASTRO DE FRAMEÁN OU DE TOLDAVÍA

EMPRAZAMENTO—Na provincia de Ourense, Concello do Vilamarín, Freguesía de Santa Mariña de Orbán.



Costruído nun pequeno outeiro, desviado 200 metros do lugar de Frameán e 300 da veira esquerda da estrada que vai de Ourense a Lugo e a carón mesmo do mesón de Toldavia.

Albiscanse dende o outo do castro, o val de Vilamarín, os Chaos de Amoeiro e as fragas onde ten nacenza o río Barbantiño.

**DEFENSAS**—O castro non ocupa soio o cume do outeiro, como ocorre case de cote, se non que a totalidade de il foi utilizada pra fins defensivos, debido individualmente á sua cativa outura. A circunstancia de esistir no remate do monticelo unha esgrevia penedía, impediu que os costrutores aplainasen o cume en toda a sua estensón, cinguéndose a formar na veira do oeste, ceibe de penedos, unha ó modo de terraza de 32 metros de longo.

As abas foron terraplenadas moi pinas, cañdo n-un pendor grande dende unha outra de 18 a 25 metros en col de dous fosos de 5 metros de ancho, fornecidos das suas correspondentes escarpas, que se poden observar ainda na banda do leste e sobor de todo na do sul. No resto da volta istes fosos deberon desaparecer ben ó desmantelarse as fortificazóns castrexas, ben esborrallados polos traballos agrícolas.

**MENSURAS**—De xeito ovalado mede este castro:

Do norte ó sul. . . . . 80 metros.

Do leste ó oeste . . . . . 62 id.

**OBSERVAZONS**—No se ollan ningúns vestixios de construídos de pedra. Na aba do leste, atópase unha cova artificial, escavada no gneis do monte, que ten 4 metros de longo, por 1 de ancho e mais de 1'50 de outo e que se encontra cuberta en parte por unha grande laxa. Conécese ista cova no país co nome de *Cova da Moura* ou *Cociña da Moura*.

**FOLKLORE**—Un veciño de Orbán cuio nome non recollimos danos a referencia seguinte:

«Unha veciña de Framéán tiña, con perdón, seis porcos e todolos días lle desparecían sen que a muler soupera por onde lle andaban.

Mais pasou que un dia que iba cara a Todalvia, viunos no castro c'unha moura que lles estaba a dar millo mitido. A muler briouse alá a un istante en precura dos seus animaes e a moura dixolle que se lle daba un de iles, habíalle de manter oito. Mais a muler, que iba que botaba lume, contes-

toulle que non, e a moura deixouelle que marchara en paz cos seus porcos.

Pasado isto, a veciña de Frameán mandou unha filla, que lle chamaban Teresa, pra o monte cos da vista baixa, mais como non voltaran á casa á hora que adoitaban voltar, a muler saiu a buscar a filla e os animaes e iba berrando:

—Teresiña.... Ai, Teresiña!

E como de unha vez berrara dentro do castro, ouviu unha voz que saía debaixo da terra e que decía:

—Unha asada e outra cocida.


**BIBLIOGRAFÍA**—Inédito.

(Catalogado por Vicente Risco, Arturo Noguerol, Arturo Suárez e Florentino L. Cuevillas.)

#### Número IV

#### CASTRO DE MUGARIZA

**EMPRAZAMENTO**—Na provincia de Ourense, Concello da Peroxa, Freguesia de Armental. Ocupa o cume de un outeiro des-



viado 250 metros da veira direita da estrada de Ourense a Lugo e que está case a carón do castro de Frameán.

**DEFENSAS**—Ainda semellándose iste

castro ós mais da bisharra, presenta nas suas defensas, e tendo en conta que o monte onde se alcontra asentado non é moi pino unha maior flebeza.

Atópase cinguido de un parapeto, ó parecer de terra, de 2 metros de outo, que se alonga nun cativo terraplén. Pol-a banda do norte óllanse ainda os restos de un foso de 4 metros de ancho.

MENSURAS—De xeito ovalado mede iste castro:

No eixe maior do leste ó oeste . . 103 metros.

No eixe pequeno do norte ó sul. . 70 id.

FOLKLORE—No se acadou ningún.

BIBLIOGRAFÍA—Inédito,

(Catalogado por Vicente Risco, Arturo Noguerol, Arturo Suárez e Florentino L. Cuevillas.)

### A RIQUEZA ARTÍSTICA DE GALIZA DUAS ESCULTURAS DE XAN DE JUNI



A ANUNCIACIÓN, DO MUSEU ARQUEOLÓXICO D'OURENSE



A VIRXE DA O, DA EIREXA DE SANT'YAGO D'ALLARIZ

Reproducimos aquí duas soberbias esculturas en madeira, obras do século XVI, que foron atribuidas por Don Manuel Gómez Moreno—que no seu recente viaxe por Galiza esaminounas detidamente—ó sonado escultor e arquitecto Xan de Juni.

A primeira d'estas esculturas, que representa a Santa Virxen na Anunciación, está

no Museu Arqueolóxico d'Ourense, e procede d'unha eirexa da diocese, sen que nos houberan acraroado de qual. Agás a fermeira testa, que ten a sua cor natural, coma tamén a mau que sostén o libro, o demais, libro e roupaxe están n-un dourado antigo xa perdido en moitos sitios.

A segunda é a Virxe da O, e está na eirexa parroquial de Sant'Iago d'Allariz, no altar lateral da Epístola. Caracterizada a altitude, a expresión do rosto, e o feito de ter no peito o Espírito Santo e o sol debuxado no ventre. O policromado d'esta imaxe, é moderno; pois foi repintada, asegún as nosas noticias, no século pasado, e está feito de boa mau. A devoción popular a esta imaxe é moi grande; as mulleres en trance de parir adoitan mandarlle unha vela de cera pra qu'estea acesa namentres saen do paso.

Xan de Juni, o autor presunto d'estas imaxes, pasou moito tempo por ser italiano (coma tal o d'Aldeia, *L'art en Espagne et Portugal*) ou polo menos coma discípulo dos mestres italianos. Hoxe dano coma flamengo (xa Cean Bermúdez no *Diccionario de los arquitectos*, lle chamaba holandés) nado arredor do 1507, e tendo deprendido a arte da escultura en Francia, sin que haxa datos pra supór qu'estudo cos italianos. Semella que colleu sona dend'as suas primeiras obras. Don Pedro Alvarez da Costa, bispo do Porto, chamouno a aquela vila pra que lle fixera o Pazo Episcopal. Logo, nomeado bispo d'Osma, levou co'il a Xan de Juni, que fixo ali o retábulo mór e o trascoro da catedral. Traballou despois o artista, coma arquiteuto e escultor, en León, en Valladolid, onde fixo o Enterro de Cristo da Capela de Mondoñedo, no convento de San Francisco o retábulo de Santa María la Antigua e outras obras, e en Medina de Rioseco, onde fixo o retábulo da Capela dos Benavente e un San Xerome de barro cocido na eirexa de San Francisco. Tamén se supón qu'estivo e traballou en Sant'Iago, e da sua estada en Galiza poidera ser proba a existencia eiqui d'estas imaxes. Xúntanse n'il o naturalismo flamengo e a influencia italiana. Morreu en Valladolid en 1577.

## Os homes, os feitos, as verbas

### A FESTA DO LIBRO EN CATALUÑA

A Festa do libro en Barcelona constituiu un novo timbre d'orgullo para a relevante cultura de Cataluña. Segundo temos lido nos xornais da cibade condal, na data d'aquela festa vendéronse ali unhas trinta mil pesos de libros. D'eles, a maoria, escritos na lingua catalana. Os mercadores facian cola ás portas de moitas librerías e c'os seus paquetes na mão lembraban ós países que portan xoguetes para os nenos a noite de Reis. Taes referencias collemos da «Publicitat» e da «Veu de Catalunya». Pro a librería que mais negocio fixo—cousa que se comprende doadamente despois do devandito—foi a que leva o nome de «Catalonia». N'esta, somentes, Santiago Rusiñol tivo que firmar unhas cincocentos libros seus.

Non aconteceu o mesmo en ningures, dentro da Hespaña. E na nosa Galiza, xa non digamos. Aquí os mercadores foron poucos, como de cote, e de libros galegos, menos. Ben é certo que hai librerías na nosa terra que inda se negan a venderen obras galegas. E librerías houbo asimade, n'algúnha vila d'aquí, que se negaron de xeito terminante a rebaixar o tanto por cento que

o Goberno ten pregado a todos que o fagan na data da Festa do libro.

De Cataluña, hoxe como sempre, ven o bó exemplo para o resto da Hespaña. Barcelona sigue sendo a metrópoli peninsular mais dina de exercer hexemonía. Digan o que queiran os «gaceteiros» propagadores da absurda ideia de que Madrid sexa o meridiano intelectual de Hispanoamérica.

Obras son amores, e mentres tódalas inquietanzas políticas, literarias e sociais xurdan en Barcelona con xeito europeo, primeiro que na parásita vila cortesán, nosoutrios temos que mirar mais hacia Cataluña que hacia Castela. D'outro xeito demostrariamos non ser moi asisados. A. V. P.

### FOTOGRAVADO

Si ten intrés en que os seus fotografiados sexan os mais perfeitos posibles, convene envialos aos

**Talleres de fotografiado**

**ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547

**MADRID**

*Imprenta NÓS, Real, 36-1.º, A CRUÑA*

# SANATORIO QUIRURGICO

DIRETORES

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirugía geral

Especialista na ggorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten toda-las condicíos precisas.—Prautícase toda crás d'operaciós.—Dotado de todol-os adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalaciós de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamento de Aue-  
xites, procesos inflamatórios, reumatismo, etcétera.  
Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra-violeta pra tratamiento d'escrofulosis, ra-  
quitismo, alopecias, eczemas, etcétera.  
Admítense embarazadas, e cóntase con material esterilizado pra fora da cibdade en  
casos d'urxencia.—Poden colaboraren todol-os compañeiros,  
previo consentimento dos directores.

## BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macia e Valeiras, Apartado 13 - Ourense

Droguería e Farmacia

**LUIS FÁBREGA**

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE  
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan  
millor. Véndese en todol-os establecim-  
ientos do ramo

Andrés Perille-OURENSE

# F. ROMAN e SACO

## DROGUERIA

## e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

Augas bicarbonatado-sódicas de  
**MONDARIZ**



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO

Propiedade dos FILLOS de PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20  
das estacións de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.º de Mayo a 31 de Outubro